

INFORME SOBRE O IMPACTO DA APROBACIÓN DO REAL DECRETO-LEI 11/2024, DE 23 DE DECEMBRO, PARA A MELLORA DA COMPATIBILIDADE DA PENSIÓN DE XUBILACIÓN CO TRABALLO.

O presente informe vén completar os xa redactados sobre "Dereitos, obrigas e relacións das escritoras e escritores coa administración pública" e o informe sobre o "Real Decreto Lei 1/2023 de 10 de xaneiro de medidas urxentes en materia de incentivos á contratación laboral e mellora da protección social das persoas artistas".

No caso do informe "Dereitos, obrigas e relacións das escritoras e escritores coa administración pública" facíase referencia no seu momento á compatibilidade da percepción de rendementos económicos por dereitos de autoría e a percepción de pensión de xubilación que se incluía no xa derogado Real Decreto 302/2019 de 26 de abril, polo que se regulaba a compatibilidade da pensión contributiva de xubilación e a actividade de creación artística.

Naquel caso, a escritora ou escritor beneficiaria dunha pensión de xubilación contributiva que se dedicase á creación literaria podería optar: i) pola aplicación do réxime xurídico da modalidade de compatibilidade entre pensión e traballo, ii) ou ben pola suspensión do percibo da súa pensión.

Esta compatibilidade foi ampliada ao réxime das clases pasivas, é dicir, ao réxime das funcionarias e funcionarios do Estado, mediante aprobación da Lei 11/2020 de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, na que se recollía a modificación do artigo 33.2 la Lei de Clases Pasivas no sentido de facer compatibles os rendementos obtidos no desempeño dunha actividade artística, neste caso a literaria, derivados dos dereitos de propiedade intelectual, incluídos os xerados pola súa transmisión a terceiros/as, coa percepción do 100% da pensión de xubilación.

Máis tarde, tal e como xa se analizou no citado informe, a Disposición Final Primeira do RD Lei 1/2023, con efectos desde o 1 de setembro de 2023, modificou o artigo 33.3 da Lei Xeral da Seguridade Social ampliando a compatibilidade das pensións do Réxime Xeral da Seguridade Social entre a actividade artística por conta propia ou

allea, e a pensión de xubilación para calquera actividade artística, xa non só cando dá lugar a rendementos por dereitos de propiedade intelectual, ás pensións do Réxime Especial da Seguridade Social das Clases Pasivas do Estado.

No caso do informe sobre "Real Decreto Lei 1/2023 de 10 de xaneiro de medidas urxentes en materia de incentivos á contratación laboral e mellora da protección social das persoas artistas", incluíamos tamén as medidas que afectaban directamente ao desenvolvemento da actividade artística das escritoras e escritores e a súa compatibilidade coa percepción da pensión de xubilación, que, por primeira vez, co obxecto de dotalas dunha maior efectividade e amplitude de aplicación, introducíanse na lexislación vixente en materia de Seguridade Social mediante a modificación dos artigos correspondentes da Lei de Seguridade Social.

Modificábase así o artigo 249 *quater* da Lei Xeral da Seguridade Social, no que se ampliaba a compatibilidade das actividades que xeraban ingresos en concepto de dereitos de propiedade intelectual, sendo agora compatibles a pensión de xubilación con calquera tipo de actividade artística, pasando a mencionar, ademais de forma explícita, a actividade consistente na creación de obras literarias.

Novidades introducidas polo RD Lei 11/2024, de 23 de decembro

No caso deste novo Real Decreto-lei 11/2024, de 23 de decembro, para a mellora da compatibilidade da pensión de xubilación co traballo, sendo en principio unha regulación de carácter xenérico e non especial para artistas, tendo en conta a gran cantidade de persoas escritoras que soen compatibilizar á súa dedicación á escrita coa realización dun traballo asalariado ou ben unha actividade económica por conta propia, é importante para as socias da AELG analizar de novo, aínda que sexa de xeito resumido, a posibilidade de compatibilizar a súa actividade artística coa percepción da pensión de xubilación á que teñan dereito.

O Decreto-lei aprobado en 2024 consiste en tres artigos que reforman dez puntos da Lei Xeral da Seguridade Social, o Estatuto dos Traballadores e a Lei de Clases Pasivas do Estado respectivamente, máis as correspondentes disposicións adicionais e finais. A principal finalidade da norma, de acordo coa súa exposición de motivos, é fomentar que as traballadoras e traballadores en activo prolonguen a súa vida laboral máis alá da idade ordinaria de xubilación, buscando a mellora do réxime de compatibilidade da pensión que se perciba cos ingresos provenientes da actividade profesional que se exerza. Para iso, acordouse reformar a Lei Xeral da Seguridade Social establecendo unha nova regulación da xubilación parcial e da xubilación activa, de xeito que as/os traballadoras/es, á hora da súa xubilación, poidan saír do mercado laboral dun xeito progresivo e flexible de acordo cos países do noso contorno. Esta reforma implica unha necesaria modificación do Estatuto dos Traballadores (artigo 2 do RDL 11/2024), respecto á redución da xornada da persoa traballadora que se xubila parcialmente, sexa de xeito anticipado ou na idade ordinaria, así como mediante o contrato de relevo simultáneo á xubilación parcial. Por último, no artigo 3 do Real Decreto faise unha reforma da Lei de Clases Pasivas do Estado co fin de estender ás empregadas e empregados públicos encadrados no

régime especial de clases pasivas do Estado, as melloras para o resto de régimes en materia de compatibilidade da pensión de xubilación cunha actividade laboral.

Novidades introducidas no Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social aprobado por RDL 8/2015 de 30 de outubro

No artigo 1º do Real Decreto-lei 11/2024 refórmanse 10 artigos da Lei Xeral de Seguridade Social. Modifícase o artigo 210.2 para incentivar a permanencia na actividade laboral cando se accede á pensión de xubilación a unha idade superior á establecida legalmente. Establécese a compatibilidade entre os complementos económicos ("complementos de demora") e a pensión de xubilación activa, así como tamén unha porcentaxe adicional do 2% no suposto de que se teña demorado en dous ou máis anos a xubilación despois de cumprir a idade na que se tiña dereito a facelo.

O artigo xa regulaba antes desta reforma, uns complementos económicos (complementos de demora) por ese tempo no que se segue traballando cando xa era posible xubilarse, dunha porcentaxe adicional do 4% por cada ano cotizado a maiores da idade oficial de xubilación, unha cantidade a tanto alzado que virá determinada en función dos anos cotizados a maiores da data na que se cumpra a idade oficial para poder xubilarse ou unha combinación destas dúas opcións propostas.

Tamén se reforma o apartado 3 deste artigo 210 facendo referencia á base reguladora, e non á pensión, como estaba redactado ata o momento, de cara a determinar a contía dunha pensión anticipada

Modifícase o artigo 213.1 no caso de que se realice unha actividade a tempo parcial e tamén se cobre a pensión de xubilación, establecendo a posibilidade de compatibilizar un traballo a tempo parcial e o cobro dunha pensión, coas excepcións e termos que legal ou regulamentariamente se establezan no futuro.

Establécese, no artigo 214, unha nova regulación para a chamada "xubilación activa", que consiste nun tipo de xubilación que permite combinar a pensión cun traballo a tempo parcial ou total, por conta allea ou propia, sempre e cando se tivese alcanzado a idade ordinaria de xubilación. Neste tipo de xubilación elimínase o requisito de ter que acreditar cotizacións suficientes co fin de alcanzar o 100% da base reguladora.

A partir desta reforma só vai ser necesario reunir as cotizacións necesarias para poder obter o dereito á pensión de xubilación, e deste xeito optar á xubilación activa. Tamén se elimina a incompatibilidade entre a pensión de xubilación e o complemento de demora.

Do mesmo xeito, auméntase a contía da "xubilación activa", deixando de ser o 50% da pensión recoñecida, substituíndose por unha porcentaxe variable en función do tempo de demora en xubilarse, que vai do 45% cando a demora foi de un ano ata o 100% da pensión se o acceso á mesma se demorou 5 ou máis anos, salvo excepcións.

Polo que respecta á "xubilación parcial", que se define como aquela iniciada despois de cumprir 60 anos, simultánea cun contrato de traballo a tempo parcial e vinculada ou non cun contrato de relevo celebrado cun traballador ou traballadora en situación de desemprego ou que teña concertado coa empresa un contrato de duración determinada, regulada no artigo 215 da Lei Xeral da Seguridade Social, refórmanse os termos da redución de xornada, que pasa dun 50 % anteriormente a un 75% con esta reforma, sen necesidade da celebración simultánea dun contrato de relevo. Tamén é posible para as traballadoras e traballadores que non teñan alcanzado a idade ordinaria de xubilación, acceder á xubilación parcial co establecemento dun contrato de relevo e cumprindo os requisitos que se establecen nos apartados a), b), c), d), e) e f) do artigo do artigo 215.2 da Lei de Seguridade Social.

Novidades introducidas polo RD Lei 11/2024 no vixente Estatuto dos Traballadores

Refórmase o artigo 12 do Estatuto dos Traballadores, no apartado 6, respecto á redución da xornada laboral na xubilación parcial antes de alcanzar a idade ordinaria de xubilación, establecéndose a necesidade de concertar un contrato de relevo indefinido e a tempo completo. A figura do contrato de relevo permite que o traballador ou traballadora que se xubila parcialmente reciba unha combinación de salario e pensión, mentres que quen releva ten a oportunidade de ocupar un posto estable ou mellorar as súas condicións laborais. Para o caso en que o/a traballador/a que opta a xubilación parcial si teña cumprida a idade ordinaria de xubilación, o contrato de relevo presentará outras características, establecidas no artigo 2 apartado 7 do Estatuto dos Traballadores.

Ademais de reformar os apartados 6 e 7 do artigo 12, inclúese un novo apartado 8 no que se declara compatible a execución do contrato a tempo parcial coa retribución da xubilación parcial, así como que o posto de traballo do/a traballador/a relevista e o do/a traballador/a substituído/a poderá ser o mesmo ou diferente e que o horario poderá completar o do/a traballador/a substituído/a ou compaxinarse con el.

Novidades introducidas polo Real Decreto-Lei 11/2024 na Lei de Clases Pasivas do Estado

O artigo terceiro deste Real Decreto-Lei 11/2024 de 23 de decembro reforma o artigo 33 nos seus apartados 2, 3 e 4 da Lei de Clases Pasivas do Estado. Este artigo, que regula a incompatibilidade entre a pensión de xubilación percibida polas

persoas funcionarias e outras prestacións ou o exercicio de actividades económicas en réxime público ou privado, céntrase nas excepcións á regra xeral de incompatibilidade. De acordo co previsto na Exposición de Motivos da norma analizada, estas novas modificacións teñen como finalidade estender todos os requisitos para acceder á xubilación activa que se inclúen no artigo 214 da Lei Xeral da Seguridade Social ás persoas perceptoras da xubilación no réxime de Clases Pasivas do Estado.

O apartado 2 do artigo 33 regula excepcións á incompatibilidade que de xeito xeral se establece entre o exercicio dunha actividade por conta propia ou allea e o percibo dunha pensión de xubilación polas clases pasivas do Estado. Ata o momento, o artigo 33.2 exceptuaba como posible compatibilidade entre traballo por conta propia ou allea e o cobro dunha pensión o suposto recollido no artigo 28.2 a) da Lei das Clases Pasivas do Estado, a xubilación de carácter forzoso. Con esta nova reforma, faise compatible coa percepción da pensión de xubilación, non só o exercicio dunha actividade laboral, senón a percepción da prestación de subsidio por desemprego, sempre e cando se teña accedido á pensión de xubilación un ano despois de ter cumprido a idade de xubilación forzosa.

Con todo, a principal reforma que se establece no apartado 2 do artigo 33 da Lei de Clases Pasivas é a posibilidade de retrasar o acceso á pensión de xubilación no caso de que a persoa funcionaria exerza unha actividade por conta propia ou allea e teña accedido á súa pensión de xubilación polo menos un ano despois de ter cumprido a idade a partir da cal podía xubilarse. Nesta circunstancia, a porcentaxe da contía de pensión que terá dereito a percibir calcularase en función do número de anos que teña demorado en acceder á xubilación de acordo cunha escala que se establece no propio artigo 33.2, nos apartados a), b), c), d) e e), que abrangue de 1 a 5 anos e do 45 % ao 100% respectivamente.

Cámbiase así mesmo nesta reforma a redacción do artigo 33.3 da Lei das Clases Pasivas do Estado, en concreto no seu parágrafo 1º elimínase a anterior remisión ao artigo 249 *quater* da Lei Xeral da Seguridade Social, o cal non ten ningún efecto, posto que a definición que ese artigo fai da actividade artística é a mesma que se recolle xa no 2º parágrafo do citado artigo 33.3. Elimínase, pois, unha remisión normativa innecesaria.

Muda tamén en virtude desta reforma o parágrafo 5º *in fine* do apartado 3 do artigo 33 da Lei das Clases Pasivas do Estado. Inclúese agora dentro do importe da pensión de xubilación contributiva compatible coa actividade artística, ademais do complemento para pensións inferiores á mínima e o complemento de maternidade ou tamén chamado redución de fenda de xénero, o complemento económico ao que se refire a Disposición Adicional Decimo Sétima da mesma norma. Disposición Adicional que remite á súa vez ao artigo 210.2 da Lei da Seguridade Social, no que se establece un complemento económico para o caso de que se acceda á pensión de xubilación a unha idade superior á que resulte de aplicar o establecido no artigo

205.1 a) –ter cumprido sesenta e sete anos de idade ou sesenta e cinco cando se acrediten trinta e oito anos e seis meses de cotización, sen ter en conta a parte proporcional correspondente ás pagas extraordinarias–, sempre e cando ao cumprir esta idade se tivese reunido o período mínimo de cotización establecido no artigo 205.1b), é dicir, quince anos, dos que cando menos dous deberán estar comprendidos dentro dos quince anos inmediatamente anteriores ao momento de causar o dereito, sen ter en conta a parte proporcional correspondente ás pagas extraordinarias.

O anterior de acordo co cálculo concreto e as circunstancias recollidas nos apartados a) e b) do citado artigo 210.2 da Lei da Seguridade Social, cuxo estudo excede o presente informe, tratándose ademais da cita literal de fórmulas de cálculo e porcentaxes concretas que se aplicarán segundo as circunstancias.

Por último, refórmase o artigo 33.4 da Lei das Clases Pasivas do Estado. Aínda que neste apartado se establece unha incompatibilidade entre o exercicio dunha actividade por conta propia ou allea e o percibo dunha pensión de xubilación por incapacidade permanente ou inutilidade, pásanse a recoller agora as excepcións a esta regra xeral. Así, si será compatible o exercicio da devandita actividade económica coa percepción da pensión de xubilación por incapacidade permanente no caso de que a devandita incapacidade non impida facer outra actividade diferente á que o suxeito viña realizando ao servizo do Estado. E amplía esta compatibilidade coa percepción da prestación ou subsidio por desemprego xerados a consecuencia desa nova actividade diferente á de funcionario ou funcionaria. Nestes casos, o importe da pensión recoñecida reducirase ao 75 por cento da correspondente contía se se acreditan máis de 20 anos de servizos efectivos ao Estado ou ao 55% se a persoa interesada tivese cuberto menos de 20 anos de servizos no momento da súa xubilación ou retiro.

En Vigo a 27 de marzo de 2025

Asinado Rafael Anido Alonso Col.3932 ICAV
Baixo a dirección letrada de Ania González Castiñeira Col. 3797 ICAV